¡ABORDAXE!
Boletín informativo anarquista
nº 6 · Galiza · Marzo 2016 · mensual
abordaxe.wordpress.com
abordaxe@bastardi.net



Non poderán pararnos

Semana de solidariedade con Mónica Caballero e Francisco Solar

Facemos unha chamada á solidariedade coas nosas compañeiras Mónica e Francisco, a semana do 29 de Febreiro ao 6 de Marzo, para informar e visibilizar a súa situación!

Non poderán pararnos

Os días 8, 9 e 10 de marzo de 2016 celebrarase na Audiencia Nacional de Madrid o xuízo contra os anarquistas Mónica Caballero e Francisco Solar. Ambas, hai máis de dous anos que están en prisión preventiva a espera de xuízo.

As acusacións que pesan sobre elas son tres estragos, conspiración e pertenza a organización criminal con fins terroristas, polas cales a fiscalía pide unha condena de 44 anos de prisión para cada unha.

A súa detención, foi a primeira dunha serie de operativos antiterroristas en Cataluña, Madrid e Palencia, operativos coñecidos co nome de Operación Pandora e Piñata que suman máis de 40 persoas imputadas por formar parte desta presunta organización «terrorista».

Pero que é esta organización?

As siglas da coordinadora de grupos anarquistas GAC son as que tomaron as operacións policiais para construír esta imaxinaría organización.

Pero que é concretamente GAC?

É un proxecto de coordinación, a nivel estatal, de grupos anarquistas, cuxa intencionalidade é contribuír a crear un movemento anarquista forte e cohesionado. Unha coordinación baseada nos principios de solidariedade, apoio mutuo e acción directa. Que realizou campañas públicas en apoio ás presas anarquistas, que durante o 2013 publicaron un libro denominado «Contra a Democracia», onde se realiza unha análise de diferentes estruturas políticas acompañado de propostas, realizadas baixo o prisma da liberdade individual e o anti autoritarismo, etc.

Sexa como sexa, o feito evidente é que en ningún caso é unha organización terrorista, posto que ningunha das accións das que lles acusan a Mónica e Francisco ou ás outras imputadas no resto de operativos, foron reivindicadas con estas siglas.

A presunta organización terrorista «GAC», é unha construción absolutamente policial acreditada por xuíces e fiscais, unha boa oportunidade para criminalizar e borrar do mapa unha ideoloxía e unhas prácticas que contribuíron historicamente e contribúen á loita contra o poder e os seus múltiples mecanismos.

Dende hai tempo, antes da detención de Mónica e Francisco, en novembro de 2013, nun período de tensión crecente e de contestación sociais nas rúas, púidose ver como a represión foi aumentado contra aquelas que loitan contra a opresión, anarquistas incluídas. Neste contexto tamén se executaron significativos cambios legais para incrementar a represión, como a lei de seguridade cidadá, a reforma do código penal e a firma dun novo pacto antiterrorista.

Tamén fomos testemuñas de como estes cambios traducíanse en constantes detencións, xuízos e condenas a persoas que loitan, lembramos moitos procesos abertos como as procesadas da folga do 29M, as de Can Vies, as detidas pola okupación da Sala Yago, os encausados de Gamonal,etc. pero tamén ás que ousan mostrar o seu descontento; outros procesos xudiciais son por cousas tan ridículas como meros comentarios nas redes sociais ou letras de cancións, mesmo corroborando así ata onde chega a broma uns titeriteiros que acabaron en prisión por «enaltecemento do terrorismo», cando criticaban na súa obra a represión contra os anarquistas.

O xuízo de Mónica e Francisco, non é o xuízo final, senón un inicio que pode sementar un precedente que pode repercutir nas loitas actuais e futuras.

Creando unha ficticia organización onde todo o mundo ten cabida.

O que parece unha burla ao sentido común deixa de selo cando cada vez máis xente enche as prisións do Estado español.

A acusación de terrorismo, ou na súa falta a de «enaltecemento», serve como unha especie de variña máxica coa cal o Estado busca facer desaparecer as diversas formas de oposición á súa omnipresencia e represión.

Facemos un chamamento á solidariedade cos compañeiros Mónica e Francisco a semana do 29 de Febreiro ao 6 de Marzo, para informar e visibilizar a súa situación! E por suposto, para facer sentir a Mónica e Francisco que non están soas fronte a este aparello que quere devorar a súa liberdade e as súas vidas!

Liberdade Mónica e Francisco!

Para máis información: https://efectopandora.wordpress.com/

Neste número

[Compostela] Piden cinco meses de prisión para tres estudantes da USC por un escrache contra un profesor homófobo en maio de 2015

por ***La rebelión de las palabras***

Noticia redactada a partir da información obtida de *Praza Pública.*

«A sociedade está enferma e enganada pola homosexualidade, un tema do que xa non se pode opinar», «Os homosexuais carecen de hombría e non poden educar», «A homosexualidade é contaxiosa» ou *«Non se pode permitir a parellas do mesmo sexo adoptar, posto que lles pasarían o mal aos seus fillos»* son algúns dos comentarios emitidos polo homófobo Domingo Neira, profesor da Universidade de Santiago de Compostela, nas súas clases de Didáctica e profesión docente, dentro do grao de Educación Primaria de Maxisterio, nas que ademais empregaba un libro escrito por el mesmo que redundaba nestas ideas, xunto a outras vinculadas ao racismo, o machismo e a homofobia. Varixs novos estudantes desta universidade denunciaron a situación hai dous anos, dando lugar a unha polémica que percorreu todo o territorio ibérico.

Este profesor, tras unha revisión interna, foi suspendido de traballo e soldo durante o que restaba do curso 2013-2014. Con todo, tras esa insignificante reprimenda, o profesor regresou á docencia no curso seguinte, nesta ocasión a cargo da materia de Deseño, Desenvolvemento e Innovación Curricular. Perdeu o seu posto de coordinador e os seus libros deixaron de figurar na bibliografía recomendada. Con todo, con toda a razón do mundo, o alumnado expresou abertamente a súa indignación e enfado polo regreso de semellante energúmeno ao Campus, pero sen obter finalmente que Neira fose expulsado definitivamente. O curso continuou, e en maio de 2015, un grupo de 70 estudantes decidiu realizar unha acción contra o profesor, que consistiu nun escrache para esixir que se lle botase da facultade e se lle impedise seguir exercendo a docencia por ser unha personaxe homófoba, machista e racista, con valores e opinións propias da España franquista. A acción, que en ningún momento incorreu en ningunha forma de violencia nin tampouco de agresións cara ao profesor, consistiu exclusivamente en berros e apupos cando o profesor saía dunha aula tras terminar a súa clase, e na exposición de carteis alusivos á súa mentalidade retrógrada. Con todo, a USC considerou oportuno non só facer caso omiso das razóns dxs estudantes e manter no seu posto a esta escoria, senón tamén denunciar a catro de estxs estudantes, que foron chamadxs a declarar o pasado mes de decembro de 2015 por un presunto delito de coaccións. Agora, tres de esxs estudantes (que serían recoñecidxs por fotografías onde se lles vía participando no escrache) enfróntanse a un xuízo onde se lles pide unha posible pena de cinco meses de prisión por un presunto delito de desordes públicas.

Unha das estudantes imputadas, Antía, declarou que *«a acción non foi violenta en ningún momento; esperamos ata o final da clase, e cando só faltaban cinco minutos para o final e o profesor estaba a recoller iniciamos a protesta, con berros e carteis, pero de forma totalmente pacífica».*

Ademais, xs estudantes reiteran as súas críticas a Neira e afirman que *«non se pode permitir que a USC manteña no seu cadro de persoal a este elemento mentres que para as persoas que nos negamos a que isto suceda esíxense penas de prisión»* e engaden que *«se queremos transformar a nosa sociedade para que sexa respectuosa co dereitos sexo-afectivos das persoas temos que poñer especial atención na educación. E de aí a importancia da denuncia pública dos comportamentos como os que acabamos de describir, que se sitúan fóra dos parámetros democráticos e da docencia que é responsabilidade das institucións públicas».* Para terminar, critican e poñen de manifesto a *«complicidade da directiva da USC con este docente e a súa conduta homófoba»,* afirmando que a denuncia foi formulada pola Secretaría Xeral da USC e a Vicedecana da Facultade de Ciencias da Educación.



[Vigo] Muros

Por ***Espazo Aberto Antimilitar***

Difundimos un texto (inspirado no de *Utopía Contagiosa*) que o Espazo Aberto Antimilitar repartiu o 27/02/16, na manifestación viguesa pola Marcha Europea polos Dereitos das Persoas Desprazadas.

Muros

Nos últimos tempos conceptos como fronteira e mobilidade aplicados ás poboacións mudaron o seu significado. Dunha retórica próxima aos dereitos humanos e dignidade das persoas cara a outra allea a eses mesmos valores e máis enfocada á seguridade militar para controlar os movementos migratorios.

Aquelas potencias militares que fomentan as guerras na periferia do mundo occidental e se benefician do negocio do tráfico de armas, os mesmos que provocan o caos e o desastre sen preocuparse polas vítimas da súa intolerancia, pretenden dar unha solución para a multitude de refuxiadas que foxen da guerra mediante a intervención militar, coa máquina de guerra da OTAN en dianteira, para evitar que traspasen as nosas fronteiras. Así, o 11 de febreiro de 2016, os ministros de Defensa da Unión Europea, convocados pola OTAN, decidiron enviar barcos de guerra ao Exeo, capitaneados desta volta por Alemaña, para frear manu militari a avalancha de migrantes e refuxiadas cara ás nosas terras. Isto é, van empregar o exército non para parar a guerra, senón, como corresponde á súa esencia, para parar ás vítimas, amparados por unha legalidade feita á medida.

Na declaración realizada expresamente para a coxuntura actual polo alto mando da OTAN afírmase que: «Acabamos de acordar que a OTAN achegará apoio para asistir na crise de refuxiados e inmigrantes». Parecería todo correcto e razoábel: socorrer a estas persoas na súa traxedia. Agora ben, se nos preguntamos a quen van socorrer as cousas cambian, a teor do declarado polos responsábeis da Alianza Atlántica: «O obxectivo é participar nos esforzos internacionais para frear o tráfico ilegal e a inmigración no Exeo». Noutras palabras, mandar á armada para frear as constantes fuxidas de migrantes a través do mar. Mandan barcos de guerra non para elas, senón contra elas. A lóxica militar é esmagadora.

A incapacidade da UE para resolver unha crise de proporcións alarmantes, 800.000 refuxiadas chegaron a Europa no 2015, e asumir os custos sociais da acollida, levou a habilitar a cantidade de 3.000 millóns de euros a Turquía co obxecto de facer fronte ás necesidades das desprazadas pola guerra en Siria. A mensaxe é que a OTAN só permitirá á avalancha de homes e mulleres que se queden á súas portas, non que atravesen o muro que separa a guerra da paz, e tampouco pensa acollelas para auxiliar ás vítimas da mesma. Europa rexéitaas e dá as costas á retórica baleira dos dereitos humanos que supostamente é a súa razón mesma de ser.

O escenario resulta desolador. Ucrania réstalle protagonismo a Gaza, que sustitúe á súa vez a Irak e Kurdistán, que disimulan o que acontece en Siria e encobren as intervencións militares en África central, e viceversa. As chamadas guerras contra o terrorismo ou de baixa intensidade, os conflitos polo control dos recursos naturais ou pola seguridade interna, teñen como resultado un número incalculábel de desprazadas. Malia a presión social, tras as continuas mortes no Mediterráneo, que forzou á Unión Europea a aprobar unhas cotas de acollida de persoas refuxiadas por Estado-membro, os seus obxectivos non poden estar máis lonxe de cumprirse porque nin sequera pode considerarse iniciado o proceso de asilo.

En definitiva, redúndase no erro e se militariza a política de inmigración, convertendo as vítimas do drama humano que xera a nosa tolemia de mundo nos inimigos sobre os que exercer políticas discriminatorias.

Comunicado dos titeriteiros Raúl García e Alfonso Lázaro

En primeiro lugar queremos agradecer inmensamente todo o apoio que recibimos, tanto dos nosos familiares e amigos, como de toda a xente que se organizou para axudarnos dun ou outro xeito, tanto na rúa, como nos medios de comunicación, de xeito individual e de xeito colectivo. Énchenos de emoción e é o que nos fai manternos fortes. De verdade, grazas.


Queremos dicir que estes días supuxeron unha experiencia difícil; fomos detidos e posteriormente encarcerados por realizar o noso oficio, por representar a obra que, con tanta ilusión e traballo, creáramos. fomos difamados por algúns medios de comunicación mentres permaneciamos en prisión e agora estamos sentindo as feridas que abriron nos nosos seres queridos.

Coa nosa obra non pretendiamos aleccionar a ninguén e moitos menos aos nenos e nenas, senón tan só contar unha historia de ficción que por desgraza ten moitas similitudes coa realidade que nos tocou vivir estes días. Nós non somos todo o que cada títere poida dicir ou lle poida ocorrer en cada escena. É importante subliñar que a obra de títeres que representamos o pasado venres era unha sátira. Con ela pretendiamos reflexionar sobre algunhas situacións, ao noso xuízo inxustas e inmorais, que se dan hoxe en día na nosa sociedade. E queriámolo facer, ademais, recuperando a don Cristóbal, esa escura personaxe tradicional que roldou os teatrillos populares deste país ata que chegou a guerra civil, esa que acabou con moitas cousas, como co propio don Cristóbal, ou coa liberdade de expresión.

Esa liberdade de expresión que pensabamos que era un dereito fundamental, a mesma que permite dicir as cousas que ao do lado non lle gustan, ou non lle apetece ouvir, ou ata lle arrepía escoitar. Porque a liberdade de expresión non é o dereito de dicir só o que un quere escoitar. Quen a entenda así, en realidade non cre nela.

Non pretendiamos ofender a ninguén co noso espectáculo e por iso advertimos ao público antes de comezar de que as personaxes realizaban actos atroces e violentos. Ás persoas que decidiron quedarse e se sentiron ofendidas pedímoslles desculpas pois esta nunca foi a nosa intención, como tampouco o foi enaltecer o terrorismo, nin incitar á violencia ou ao odio.

Tan só quédanos destacar a preocupación que sentimos agora. Que sentimos nós, Alfonso e Raúl, pero tamén todos e todas as que inventamos historias, as que lles damos forma, e as que as interpretamos. A preocupación de que un día chegue don Cristóbal coa súa cachiporra e bata en nós , como fixo o outro día, porque non lle gustou a función.



A Brilat pretende celebrar o seu desfile de aniversario polas rúas de Pontevedra

*Reportaxe de **Carolina Buceta** para **pontevedraviva.com***

"temos unha relación institucional ampla en muitos sentidos porque a BRILAT sempre colabora co concello en actividades deportivas, de voluntariado, no tema de incendios forestais e tal, e por tanto nós estamos abertos a colaboración e se eles necesitan espazos para facer actividades e tal, pois nós vamos a buscar a maneira de compaxinar todo e facelo posible" (sic).

Miguel Anxo Fernández Lores (Alcalde Pontevedra).

O xeneral xefe da Brigada de Infantería Ligera (Brilat), Luís Cebrián Carbonell, propón ao alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores, a celebración do desfile militar de conmemoración do seu 50 aniversario no centro da cidade. Sería a primeira vez que o acto co que a Brigada celebra cada ano o seu aniversario se celebrara polas rúas de Pontevedra e farase este ano porque se trata dos seus 50 anos.

A proposta inclúe tamén o desenvolvemento doutras actividades complementarias, como unha exposición de materiais ou un concerto con pasarrúas de bandas militares, todo co obxectivo de os pontevedreses poidan "asistir al acto libremente y mezclarse con la que es su brigada", declarou Cebrián Carbonell. Suporía que 'invadisen' o centro uns 2.200 soldados, o plantel actual da Brigada na base General Morillo de Figueirido.

Os actos levaranse a cabo no centro da cidade a principios do próximo mes de setembro, posiblemente durante o segundo fin de semana. No caso do desfile, trátase do tradicional desfile militar realizado o 7 de xuño na base de Figueirido, pero este ano non se poderá realizar nestas datas, debido a un exercicio militar da Alianza Atlántica en Polonia, no que participarán preto de 1.000 soldados da base. Ao atoparse fora de España, no podería celebrarse o desfile nas súas datas habituais e queda posposto.

O Tribunal Constitucional avala a modificación da lei da minaría de Galicia que determina a perda das concesións mineiras de Edgewater

A empresa mineira canadense Edgewater perde definitivamente as concesións mineiras de Corcoesto.

O Tribunal Constitucional vén de avalar a modificación da lei de minaría de Galicia introducida polo artigo 84 da lei 12/2014, de medidas fiscais e administrativas, pola cal a denegación da autorización da explotación por calquera das causas legais, determinaría a caducidade dos dereitos mineiros. Esta modificación da lei afectaba de cheo á empresa mineira canadiense Edgewater que pretendía explotar unha mina de ouro a ceo aberto en Corcoesto, no Concello de Cabana de Bergantiños, xa que o seu proxecto de explotación foi cancelado pola Xunta de Galicia en marzo de 2014 pola falta de solvencia técnica e económica da empresa. Esta cancelación e a publicación posterior da modificación da lei da minaría de Galicia supoñía para Edgewater a perda definitiva das concesións mineiras Emilita, Ciudad de Landró e Ciudad de Masma, que afectaban aos concellos de Cabana de Bergantiños e de Ponteceso.

No entanto, esta perda das concesións quedou no aire ao presentar o Goberno de España en setembro de 2015 un recurso de inconstitucionalidade contra o citado artigo 84, por considerar que invadía o seu ámbito competencial ao introducir causas de caducidade non contempladas na lei de minaría estatal, que data do ano 1973, e que para o Goberno estatal tiña o carácter de lei básica.

Agora o Tribunal Constitucional vén de fallar a favor da Comunidade Autónoma de Galicia, ao sinalar que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúelle a esta Comunidade, en materia mineira, a execución da lexislación do Estado, sinalando ademais que ese precepto da norma galega non fai máis que regular o conxunto de actuacións precisas para poñer en práctica a normativa estatal. O Constitucional declara por tanto a constitucionalidade da norma galega que establece a caducidade das concesións mineiras no caso de que un proxecto de explotación mineira sexa rexeitado cando se trate de concesións mineiras reguladas na disposición transitoria primeira da lei de minas estatal, é dicir aquelas que proveñan de antes de 1973.

Con esta sentencia a empresa canadense Edgewater perde definitivamente todos os dereitos que tiña sobre dos montes de Corcoesto, e imposibilita, para tranquilidade da veciñanza da comarca, que se poida presentar no futuro outro proxecto de explotación de ouro na zona.

Desde a Plataforma pola Defensa de Corcoesto e Bergantiños, felicítanse por esta favorable sentencia e instan á Xunta de Galicia, a que en virtude do citado artigo 84, que incoe de inmediato o procedemento de caducidade dos dereitos mineiros e que proceda á cancelación definitiva da inscrición das concesións no Rexistro Mineiro de Galicia, tal e como solicitou por escrito no seu día despois da publicación da norma.

O preso anarquista Nahuel pode por fin acceder a unha dieta vegana

*Difundimos o comunicado da **Plataforma pola liberdade de Nahuel** e recordamos o que foi a operación ICE*

Por fin chéganos boas noticias!

O compañeiro preso Nahuel, que ata agora non puidera levar unha dieta vegana, vai comezar a recibila.

Grazas polo apoio e pola difusión que se deu por redes pedindo unha dieta vegana para Nahuel. Non descansaremos ata romper as cadeas que manteñen a Nahuel secuestrado da súa liberdade. Seguiremos loitando día tras día para que a súa estancia en prisión sexa o máis digna posible. E non pararemos ata que estea de novo con nós.

Plataforma pola liberdade de Nahuel

A operación ICE

O pasado 4 de novembro de 2015, 6 integrantes do colectivo Straight Edge Madrid foron detidxs e acusadxs por parte do tribunal de excepción a Audiencia Nacional. Durante a súa detención viron vulnerados os seus dereitos como detidxs. O seu único crime é a súa ideoloxía anarquista, vegana e en contra de todo tipo de drogas. O seu traballo é coñecido por facer xornadas antiespecistas e festas libres de drogas nas que se fomenta un lecer alternativo e saudable para a mocidade.

Por mor desa operación represiva catro persoas saíron en liberdade con cargos, con fianzas entre os 3.000 e os 10.000€, e as outras dúas persoas ingresaron en prisión preventiva sen fianza. Unha delas foi Nahuel, que actualmente segue secuestrado polo Estado en Réxime F.I.E.S. 3 articulado (destinado a persoas perigosas ou conflitivas). A súa estancia en prisión está marcada pola excepcionalidade, permaneceu en illamento durante 30 días, non lle están permitindo levar unha dieta libre de ingredientes de orixe animal, con traslados que foron comunicados ao preso con menos de 24 horas de antelación, e cuxo obxectivo non é outro que a desconexión e inadaptación de Nahuel. Así como a redución das súas chamadas, o control nas comunicacións e mesmo a prohibición de usar o ximnasio .

Ata mediados de decembro o proceso estivo baixo segredo de sumario, o que implicou unha vulneración no dereito á defensa xudicial, por non ter os avogados coñecemento do que estaban acusadxs. Mentres os medios de comunicación do Réxime, tiñan acceso a información á que nin xs acusadxs nin os seus avogados podían acceder. Actualmente o caso está en proceso de instrución polo que a investigación segue aberta.

[Compostela] Machismo na USC. Un profesor humilla e ameaza a unha alumna por levar «un escote excesivo» e logo xustifícase.

Tirado da web ***La rebelión de las palabras***

Nota: En materia de xénero e especialmente no relativo a agresións e actitudes machistas, persoalmente penso que non é o mesmo, ou que a información (ou mellor dito, o que transmite esa información, o seu contido) cambia en relación a se a escribe, transmite ou conta un home ou unha muller. Dado que nesta sociedade patriarcal non partimos da mesma posición nin do mesmo marco, paréceme importante matizar que esta noticia está escrita por un home cisxénero que unicamente pretende transmitir un feito que ata agora só se viu reflectido nos medios hexemónicos (opacos e sen espazo para a reflexión sobre os feitos) e reflexionar críticamente sobre iso, consciente da súa posición.

Páxinas mais atrás neste mesmo boletín, hai unha noticia falando do caso de 3 estudantes da Universidade de Santiago de Compostela que se enfrontan a unha posible pena de 5 meses de prisión por participar nun escrache contra un profesor que protagonizou unha polémica que deu a volta a todo o territorio ibérico polas súas graves e reiteradas descalificacións cara as persoas homosexuais, onde se aseguraba de deixar patente a súa recalcitrante homofobia.

Pois en paralelo a estes feitos, outro profesor da USC, Luciano Méndez Naya, foi tamén noticia estes días, despois de mostrar graves comportamentos machistas humillando e ameazando a unha alumna. O profesor, en concreto, afirmou que lle custaba concentrarse «debido ao ruído dos bolígrafos e ao escote de María», en alusión ao escote que levaba unha alumna. A xoven, consternada, protestou polo comentario, ante o cal o profesor, lonxe de retractarse e desculparse, replicou con que se ía ir así a clase, se sentase na última fila. Cando esta alumna xunto a outras persoas que decidiron dar a cara por ela increparon ao profesor pola súa actitude machista, este dixo, dirixíndose á moza, que se fose machista a tería agredido nese momento (unha vez máis, vemos como a violencia machista redúcese, mesmo por parte dos propios agresores como é este caso, aos golpes e a violencia física máis evidente, invisibilizándose o machismo e o sexismo presentes en moitas outras actitudes que pasan desapercibidas e son normalizadas).

Ante este feito, a alumna, acompañada do grupo de persoas que a apoiou, presentaron unha denuncia e queixa no reitorado, ante o cal se abriu unha presunta revisión interna do caso, que ata agora só repercutiría sobre a alumna, que foi cambiada de grupo, mentres que o profesor enviaría un comunicado «pedindo perdón á alumna» pero que máis que unha desculpa, parece un patético e hilarante cúmulo de escusas co que continuar xustificando o seu desprezábel comportamento. O profesor pediría perdón á alumna por ameazala con darlle unha labazada, pero atribuiu a súa actitude «á tensión do momento», debido a que segundo el a alumna non lle chamou machista a secas, senón que lle chamou «machista asqueroso», algo que o profesor explica que foi o que lle puxo especialmente nervioso. Pregúntome se existe matiz máis adecuado para complementar a palabra «Machista» que o de «asqueroso» aínda que talvez a este profesor os machistas non lle dean noxo, e por iso compórtase como eles, e reacciona tan agresivamente cando alguén o sinala.

Xunto a isto, o profesor misoxinia explicaría o seu comportamento e o seu comentario expresando a súa vontade de abrir un debate sobre se a vestimenta da alumna á que agrediu, por sorte, só verbalmente (aínda que a ameazase coa violencia física) é ou non «apropiada» para ir á universidade. Pasando por alto o absurdo que supón que a estas alturas haxa quen siga cuestionando a idoneidade dun determinado tipo de vestimenta feminina, talvez para o profesor Méndez Naya sería moito máis axeitado que a moza levase un vestido da época colonial, ben axustado, discreto e recatado, para non desconcentrar ao pene do profe (ups, que confusión máis parva! quería dicir ao seu cerebro). O profesor continuou a súa alegación recoñecendo que non ten inconvintes en dicir que un «escote excesivo» (sic) vai seguir «alterándolle». Ante isto xúrdenme dúas dúbidas; a primeira, que é un «escote excesivo»? Quen define ese límite?, existe unha definición obxectiva e xeral de «excesivo» que marque que cantidade de escote pode levar unha alumna ás clases deste señor?; e a segunda, é apropiado que exerza a docencia unha persoa, por chamar dalgún modo a semellante baboso de merda, que recoñece a súa propia incapacidade para controlar os seus impulsos debido á excitación que lle producen os atributos físicos dunha muller, pero que non só non a considera un defecto ou un problema persoal seu, senón que aínda por encima reafírmase nela e a xustifíca?

Que cada cal saque as súas propias conclusións. Eu son un tío cisxénero, non son o apropiado para dar leccións de nada nin para marcar os parámetros e condicións que debe seguir a resposta a este feito, que por agora se atopa circunscrita ás autoridades académicas correspondentes, pero a absoluta indiferencia e tolerancia da USC ante os comportamentos misóxinos e homófobos do seu persoal docente non deberían ser pasadas por alto. Unha comunidade que educa en valores como eses, por que leva as mans á cabeza cando se producen feminicidios, violacións, e outras expresións especialmente atroces e palpables da violencia machista que nos rodea todos os días, acotío, sen ser noticia nin escandalizar a xs hipócritas? Que esperades se as persoas encargadas da educación (e aquí non quero entrar a expoñer a miña repulsa persoal ao sistema educativo e a todo o que este implica, porque me parece que ese é outro tema) transmiten valores reforzando o Patriarcado e a Heteronorma?

O comunicado do profesor, de todos os xeitos, finaliza cunha alegación onde nega ser machista (o machote cishetero nega ser machista, como non!, e tampouco vivimos nunha sociedade patriarcal, todo é mentira!), e di confiar en que este tipo de feitos «non se usen para facer espectáculo con temas tan serios como o machismo e a violencia machista», xa que considera que isto lle faría perder credibilidade a unha loita feminista que considera «respectable e profunda». Negando o seu propio sexismo, e pretendendo sentar cátedra sobre a gravidade da súa actitude e sobre se esta debe ou non ser tida en consideración como unha agresión machista e repelida como tal, o profesor termina de perfilar na miña opinión o cadro estándar do típico machirulo.

Con todo, o peor non é o machismo reincidente deste linguateiros, senón a relativa inmunidade da que, seguramente, acabará gozando cando os trámites administrativos resólvanse, posto que un Estado como o «noso» prefire a unha caterva de misóxinos e homófobos dando clase, a que as persoas sexan capaces de superar todas as falsas divisións que marca a maquinaria do xénero e o seu terrorismo patriarcal e crear comunidades sanas, onde relacionarse doutra maneira e non seguir alimentando a opresión e a discriminación arbitrarias.

Ningunha tolerancia ao machismo!



Alén do feminismo, alén do xénero

Texto tirado do libro
«Afilando Nuestras Vidas»

A sexualidade é unha expresión esencial dos desexos e as paixóns individuais, do lume que pode prender tanto o amor como a revolta. A sexualidade pode representar unha forza importante dos desexos de cada unha de nós, e pode erguernos máis alá da masa como seres únicos e indomables.

O xénero, por outra banda, é un intermedio construído pola orde social para inhibir a enerxía sexual, enclaustrála, limitála e dirixila cara a reprodución desta orde e sumisión. Desta maneira convírtese á sexualidade nun impedimento para escoller libremente cómo queremos vivir e relacionarnos. Non obstante, ata agora ao home concedéuselle maior liberdade que á muller para facer a súa vontade dentro destes roles, o que explicaría de forma razoable por qué hai máis revolucionarios e xente que actúa fora da legalidade que son homes e non mulleres. Lamentablemente o Movemento de Liberación da Muller(MLM) que xurdiu nos sesenta do século pasado, non prosperou no desenvolvemento dunha análise máis profunda sobre a natureza da dominación na súa totalidade e do papel xogado polo xénero na súa reprodución.

Un movemento que naceu ante a necesidade de liberarnos dos roles de xénero para sermos individuos completos e autosuficientes, foi transformado nunha especialización ou compartimento estanco, como a maior parte das loitas parciais da época. Garantindo desta forma a imposibilidade dunha análise global dentro deste contexto. Esta especialización representa ao feminismo actual, que comezou desenvolvéndose fora do MLM a finais dos anos sesenta. O seu obxectivo non era tanto a liberación da muller como individualidade dos límites impostos e os papeis asinados ao seu xénero, senón a liberación da muller como categoría social. Xunto coas correntes políticas principais, este proxecto consistiu en obter dereitos, recoñecemento e protección para as mulleres como unha categoría social recoñecida conforme á lexislación.

En teoría, o feminismo radical organizouse máis alá da legalidade co obxectivo de liberar ás mulleres como unha categoría social, da dominación masculina. Xa que a dominación masculina non é estudada suficientemente como parte da dominación total (inclusive entre as anarcofeministas) a retórica do feminismo radical, habitualmente adquire un estilo similar ao das loitas de liberación nacional estatalistas.

A pesar das diferencias no método e na teoría, a práctica do feminismo liberal e do feminismo radical a miúdo coinciden. Isto non é casualidade, a especialización do feminismo radical céntrase por completo nos sufrimentos da muller a mans do home. Se esta catalogación resultáse algunha vez completada, a especialización xa non sería necesaria e chegaría o momento de trasladarse máis alá da lista de ofensas e agresións sufridas, cara un intento real e actual de analizar a natureza da opresión da muller nesta sociedade e levar ao cabo accións meditadas para rematar con esta opresión. Calquer análise seria de corte antiautoritario, das complexas relacións de dominación que existen na actualidade, normalmente é ignorada en favor dunha ideoloxía na que o home domina e a muller é víctima desta dominación.

A creación dunha identidade totalmente baseada na propia opresión, sobre a victimización sufrida, non proporciona a forza ou a independencia. En lugar disto crea unha necesidade de protección e seguridade que eclipsa o desexo de liberdade e autonomía. No reino do teórico e o psicolóxico, unha abstracta e universal "irmandade feminina" atopará esta necesidade de protección, pero a fin de suministrar unha base para esta irmandade de "mística feminidade", presentada como unha construcción cultural que reproduce a dominación masculina, e recupérase en forma de espiritualidade de muller, culto á deusa e outra variedade de ideoloxías feministas. O intento de liberar a muller como categoría social atopa a súa apoteose na imposición dos roles de xénero en nome dunha suposta solidariedade. O feito de que moitas feministas radicais recurrisen a policías, tribunais, e outros programas estatais de protección de mulleres (imitando así o feminismo institucional burgués) soamente serve para subliñar a falsa natureza da "irmandade" que proclaman. A pesar dos intentos de traspasar estes límites dentro do contexto feminista, esta especialización foi a súa definición maís axeitada durante catro décadas. Errando no momento de presentar un desafío revolucionario contra o xénero, como contra a dominación.

O proxecto anarquista de liberación global chama a movernos alén destes límites ata o punto de atacar ao xénero en sí mesmo, co obxectivo de atoparnos como seres autodefinibles, non como un conglomerado de identidades sociais, senón como individuos únicos e completos. Trátase dun estereotipo e un erro afirmar que os homes e as mulleres sufriron igual opresión dentro dos seus roles de xénero. Os roles masculinos permitiron ao home unha gran liberdade de acción para afirmar a súa propia vontade. Por iso a liberación da muller dos seus roles non consiste en ser máis masculina ou ser máis feminina, senón máis ben en ir máis alá da súa feminidade. Así como para os homes a cuestión non é ser máis feminino ou menos masculino, senón en ir máis alá da súa masculinidade. A cuestión é decatarse de que a liberdade está en cada unha de nós, alén de todos os roles sociais e da forma en que cada un actúa, vive, pensa...tanto no dominio sexual como en tódolos outros ámbitos.

Separar o xénero en función da sexualidade, dende a totalidade do noso ser marcando características específicas, serve para perpetuar a actual orde social. Como consecuencia, a enerxía sexual, que podería resultar un extraordinario potencial revolucionario, é dirixida cara a reprodución das relacións de dominación e sumisión, de dependencia e desesperación. A miseria sexual que isto produciu e a súa explotación comercial atópanse sempre, en todos os lugares sen excepción. A inaxeitada chamada da xente a abrazar tanto a masculinidade como a feminidade, carece de análise sobre estes conceptos, xa que ambos son invencións sociais que serven os propósitos do Poder. Invertir a natureza dos roles de xénero, ou modificar a súa forma é inútil dende unha perspectiva revolucionaria, soamente serve para axustar mecánicamente os conductos que canalizan a nosa enerxía sexual. Precisamos reapropiarnos da nosa enerxía sexual para intregrála na totalidade dos nosos seres, a fin de estourar o conducto e inundar o terreo da existencia co noso ser indómito. Isto non é unha tarefa terapéutica, é unha revolta insolente que emana da nosa forza e a nosa negativa a retroceder. Se o noso desexo é destruir toda dominación, entón é necesario moverse alén de todo o que nos reprime, alén do feminismo e alén do xénero, porque aquí é onde atopamos a capacidade para crear a nosa indomable individualidade que nos conducirá contra toda dominación sen vacilar. Se desexamos destruir a lóxica da sumisión, este debe ser o noso programa de mínimos.

Os módulos de respecto nas prisións do Estado español

Por ***Mónica Caballero***

Os medios de control dentro como fóra das prisións están a ser cada vez máis sutís e efectivos. Para que instalar cámaras de vídeo vixilancia? Para que contratar máis carcereiros e policías? Se temos a moitos que realizan o traballo gratis. Con gran vocación cidadá están aí para manter a actual orde imperante, están en todas partes; pode ser o teu veciño de casa ou cela de á beira o posible delator.

Dentro dos medios de control nas prisións, os módulos de respecto (m-r) comezaron como unha iniciativa experimental na prisión de León, de aí exportouse o modelo á gran maioría de prisións españolas.

A base destes módulos é que os propios presos participen na xestión e mantemento do lugar como das súas actividades, etc., así créase unha sensación de dependencia e pertenza ao espazo. Idealmente preténdese que todos os internos xeren dinámicas-formas restritivas para si mesmos e o resto, ademais de premiar as boas condutas. Os carcereiros actuarían en casos extremos ou excepcionais.

A ex directora de I.I.P.P, Mercedes Gallizo, referíase a este tipo de módulos da seguinte forma: «O mero feito de conseguir unha convivencia ordenada e con normas básicas aceptadas por todos é un cambio transcendental para moitas persoas. Axúdalles a perder o medo á prisión e aos compañeiros e é o primeiro elo para diminuír a súa hostilidade cara o medo (e de paso á Institución) para transformar ese medo, a desconfianza e a agresividade en normalidade e cooperación». O exercicio de autoridade en primeira instancia o implantan os propios presos de «común acordo» coas regras básicas para normalizar e cooperar, a mesma institución carceraria fixa e incentiva a creación de roles e condutas con métodos sutís e/ou en base á chantaxe.

É innegable o medo que moitos poden sentir ao ingresar nos cárcere, os m-R aproveitan ese medo, nel se sustentan. Implícitamente se non se cumpren as normas déixanche nun módulo normal, isto pode chegar a ser unha ameaza moi efectiva.

Estes módulos posúen varios tipos de incentivos e/ou recompensas, estas poden ir desde informes favorables ata máis horas de comunicacións (cara a cara), á súa vez tamén teñen máis formas de castigar o incumprimento das normas.

Suponse que o ingreso a este tipo de módulos é voluntario e neste ingreso comprométesche asinando unha especie de contrato no que queda estipulado entre outras cousas levar unha boa conduta, cumprir as normas e resolver os problemas polas canles establecidas. Un día calquera nun m-R comeza coa asemblea, dirixida por algún membro do equipo técnico (educador, traballador social e psicólogo), todos os presos teñen que asistir e ás veces participa algún carcereiro. A asemblea ten como función a resolución dos problemas cotiáns, este é o momento ideal para os chivatos e para que o equipo técnico transmita un patético discurso de reinserción social.

Algunhas dos labores do módulo son as actividades programadas e a limpeza. As primeiras son xestionadas polos presos, facendo cumprir a asistencia; na segunda (limpeza) os presos divídense en pequenos grupos dirixidos por un preso-representante, este representante dirixe os labores e nalgúns casos actúa como voceiro. Outra peza importante no funcionamento deste tipo de módulos son os presos mediadores, estes teñen que interceder nos rozamentos ou enfrontamentos que teñan os presos e resolvelos, de non poder teñen que dar aviso aos carcereiros. Como é de supoñer estas prácticas xeran a perda de capacidade na resolución de problemas, no cárcere tes un mediador ou un carcereiro, como na rúa hai policías e xuíces.



Decálogo de actitudes machistas ante unha denuncia de agresión

por ***Mujeres Libres de Madrid***

1º Cuestionar a denuncia de violencia machista no seu tempo, forma e fondo, de maneira que pareza máis importante o medio utilizado, o tempo que tardou e o atrevemento de denunciar, que o denunciado.

2º Negar a posibilidade de que o denunciado sexa certo porque na organización non existe machismo, ao home denunciado coñecémoslle todos como bo compañeiro, e se trata dun tema persoal que non debese ser tratado en colectivo.

3º Cuestionar á muller esixíndolle o cumprimento impecable do "manual da boa vítima inocente", sobre todo inocente, para poder considerála vítima.

4º Intentar inhabilitar a capacidade mental e psicolóxica da muller por permitir ser vítima de violencia machista en primeiro lugar, e despois, por atreverse a contalo.

5º Atribuír intencións perversas á muller, como conseguir rendas políticas ou persoais coa súa denuncia.

6º Interpretar a denuncia como un ataque ao colectivo que indigna aos activistas con moitos anos de militancia, porque a muller que denuncia mancha a todos rompendo o segredo debido de calquera muller que se prece, cara aos seus segredos de alcoba.

7º Amparar ao agresor na falta de probas mostrando un descoñecemento total con respecto a estas relacións de poder nas que o dominio e as agresións se producen na intimidade cando non hai testemuñas.

8º Rirse da denuncia e da denunciante dende o paternalismo, por considerálo un tema menor: unha desas rifas domésticas tan habituais en calquera relación que a muller que denuncia é abondo infantil como para non saber encaixálo soa e en silencio.

9º Desculpar ao agresor considerándoo un enfermo ou que padece un trastorno. No caso da muller que denuncia, o trastorno considérase unha proba de culpabilidade, pero no caso do agresor, a enfermidade estímase un eximente que o deixa nunha sorte de posición de inocencia.

10º Revisar a personalidade e as pasadas relacións da muller acusándoa de ser ela a agresora

Reseñas

Nace o novo blog “O gajeiro na gávea”

Gajeiro s. m. Marinheiro que tinha ao seu cuidado um mastro e era o encarregado de subir à gávea para vigiar

Gávea s. f. Náut. Espécie de plataforma situada a certa altura do mastro de um navio.

Desde o alto do mastro pretenderei alviscar as mentiras e enganos da farsa democrática na que a sociedade está imersa.



Ésta é a carta de presentación deste interesante blogue que recomendamos encarecidamente visitar. Todo un “diário de bordo” cheo de artigos, reseñas, contos, reflexións sobre a actualidade e todo tipo de falcatruadas desde un punto de vista crítico, libertario e autónomo.

Súa dirección- ogajeironagavea.wordpress.com

Seu contacto - **comochoconto@gmail.com**

Requiem por unha viaxe sen retorno

A web ***La rebelión de las palabras*** ven de editar en galego o texto ***«Réquiem por unha viaxe sen retorno»***, do compañeiro grego ***Nikos Romanós***. Segundo nos informan por correo inclúese o texto «Crónica dunha chuvia de estrelas», de autoría persoal para difundir a situación do compañeiro a nivel local e entre amizades e afinidades, e que se engáde para axudar a contextualizar mellor e a comprender a traxectoria e contexto do compañeiro Nikos, dende o seu arresto fai 3 anos ata a actualidade, repasando os acontecementos máis importantes e significativos do seu percorrido revolucionario.

Asumindo medos e recoñecendo incoherencias e limitacións pero sen deixarnos esmagar por eles, que as palabras, pouco a pouco, se fagan práxe.

Man tendida axs compañeirxs!

Puño pechado na cara axs inimigxs!

Disponible en vozcomoarma.noblogs.org

[Galiza] Novas edicións da Distribuidora Anarquista Polaris

*Reseña elaborada por **Distribuidora anarquista Polaris.** Descargas disponibles na súa web.*

Colonialismo, Imperialismo e Liberación Animal

Como persoas veganas e comprometidas coa liberación animal e a loita antiespecista, témonos atopado con moitos xeitos distintos de tratar de desacreditar ou de criticar mediante falacias o estilo de vida vegano, e as eleccións políticas e éticas tanto sociais como persoais que implica. Unha das máis recentes é aquela que plantexa o veganismo coma un suposto privilexio “primermundista”, que as brancas clase media ou alta tratarían de impoñer a outras sociedades, civilizacións e culturas do mundo.

Non obstante, pasando por alto que o noso obxectivo nunca foi nin será privar a ninguén dos medios para a súa subsistencia (de feito, é ao contrario, e son o especismo e a sociedade industrial os que semellan perseguir ese fin, e non só con animais de outras especies), e pese a ser conscientes de que a viabilidade dun estilo de vida vegano varía en función das condicións de cada territorio, non podemos obviar que as análises e ensaios de numerosas autoras, dende Jason Hribal e Gary Francione ata o texto “Bestias de carga” de Antagonism and Practical History, demostraron que a explotación de animais non-humanos, e toda a maquinaria de cosificación e devaluación sistemática que sempre sustentou a moral e a ideoloxía especista, son principalmente (aínda que non soamente, sendo honestas) froito dun Occidente podre, codicioso e invasor, mentras que aquelas sociedades orixinarias que sufriron a colonización imperialista que roubou as súas terras, esmagou as súas culturas e exterminou ás súas poboacións, mantiveron na súa maioría (con excepcións, claro) unha relación cos animais baseada no respecto contemplándoas coma iguais incluso cando, por necesidade (e non por capricho nin por unha cruel demostración de forza) cazábanos.

De feito, son varias as persoas que, orgullosas da súa orixe indíxena e nativa, defenderon e asumiron un estilo de vida vegano, ao ver as conexións que vencellan a opresión que sufriron os seus pobos coa opresión e exclusión que sufran as animais non-humanas e a natureza. Nalgúns casos, foron estas compañeiras quenes levaron os seus compromisos ata as últimas consecuencias e puxeron a súa propia vida e liberdade en xogo para liberar do seu cautiverio a animais, ou para destruir os medios usados para a súa explotación. Exemplo disto é a Western Wildlife Unit, unha célula da Fronte de Liberación Animal que actuou en EEUU contra a industria peleteira e os seus accionistas, e cuxas integrantes, nativas americanas, pertencían á Nación Coiote.

Considerando todo isto, para nós, pese a ser un colectivo de persoas brancas que viven en Europa, non ten sentido plantexar o veganismo coma unha custión imperialista centrada en impoñer os nosos perfectos valores morais occidentais a todo o mundo. Do que se trata é de visibilizar a dinámica de opresión implícita no especismo e con iso amosar os paralelismos existentes entre as distintas formas de dominación, artellando un movemento forte, capaz de subvertir todas esas estructuras véndoas coma unha soa, sen perder de vista as particularidades e aspectos concretos que caracterizan cada unha delas.

Por iso, decidimos traducir ao galego e editar este texto, coa sá intención de profundizar no debate, e de deixar claro dunha vez por todas que o veganismo non só é compatible co respecto e a valoración das costumbres e cultura dos demáis pobos do mundo, senón que de feito é o imperialismo occidental o que, con frecuencia, exporta a mentalidade especista a outros lugares e sociedades onde non existía, e impón un xeito único de relacionarse cos animais e coa natureza.

Veganismo e lendas Mi’kmaq: As nativas feministas comen tofu

O texto que presentamos aquí é un escrito de Margaret Robinson, activista e investigadora feminista, vegana e bisexual de orixe nativa e que actualmente vive en Toronto. Os campos do seu traballo van dende a saúde mental e a patoloxización das identidades de xénero ou as orientacións sexuais non heteronormativas, ata a teoría queer, a socioloxía ou as ciencias políticas, pasando pola teoloxía feminista e a influencia ecofeminista nas comunidades nativas postcoloniais.

En “Veganism and Mi’kmaq legends: Feminist natives do eat tofu” (Veganismo e lendas Mi’kmaq: As nativas feministas comen tofu), Robinson realiza unha reinterpretación das principais lendas do folclore Mi’kmaq, coa intención de atopar paralelismos que conecten a ética antiespecista coa construcción moral e social Mi’kmaq da súa relación coas e cos animais non-humanos, y coa natureza. A través desta revisión, Robinson racha co estereotipo especista que asocia o veganismo a un privilexio “primermundista” das persoas blancas, económicamente solventes e urbanitas, e demostra que o veganismo non só é compatible coa cultura, tradicións e identidade do pobo Mi’kmaq, senón que de feito é, posiblemente, o único xeito que hoxe en día o pobo Mi’kmaq ten para conservar o seu arraigo ante as deformadas versións das súas tradicións que lles devolveron os xenocidas colonizadores, e ser consecuente coa súa propia historia e pasado, un pasado por outra banda en continua revisión.

Para nós, este texto supón un importante paso na configuración dunha historiografía rupturista coa hexemonía ideolóxica do especismo, prominente na cultura branca e occidental, pero bastante ausente sen embargo en moitas culturas indíxenas ou nativas onde, con todo, desenvolveuse artificialmente debido ao contacto forzado e tardío destes pobos coa cultura e os mitos da sociedade branca, xudeocristiá, imperialista, industrial e patriarcal de Occidente, dende a época colonial ata a era contemporánea. Por esta razón, decidimos traducir o texto ao galego dende a súa versión orixinal en inglés, e difundilo nun formato accesible, pola rede e na rúa.

Agardamos aportar con isto o noso propio graniño de area na demolición dos mitos antropocentristas, e no avance da ética cara unha nova posición na que sexan valorados e considerados os intereses de todas as especies, independentemente de se teñen pico, colmillos ou mandíbulas rumiantes, se corren, voan, saltan ou nadan, se muxen, ouvean, graznan ou falan.


Por un mundo sen gaiolas nin autoridade, pola liberación total...

Disponibles en distripolaris.noblogs.org

"Persíguennos? E ben: é lóxico que nos persigan, porque nós somos unha ameaza constante contra o sistema que eles representan. Para que non se nos persiga debemos axustarnos a súas leis, amoldarnos a elas, integrarnos ao seu sistema, burocratizarnos ata o miolo e ser uns perfectos traidores... Pero, é que queremos ser así? Non. entón, a nosa práctica cotiá debe nutrirse da nosa imaxinación creadora, a nosa forza reside na nosa capacidade de resistencia. Poderán quebrarnos, pero non podemos xamáis dobregarnos ante ninguén".

Buenaventura Durruti

Poderán deternos pero non pararnos



Solidariedade e loita

Mónica e Francisco á rúa

Liberdade anarquistas presxs

abordaxe.wordpress.com

abordaxe@bastardi.net

A columna

A Herstoria feminista

por ***Mandarina Aceda***

A herstoria de sempre: lista de dez ou vinte libros fundamentais para o feminismo. Un, dous, tres, corenta percorridos sobe a Historia do feminismo. Cero feministas negras, cero mencións a algo que non sexa occidental, ou como moito, breves mencións de ramificacións que "aportaron algo".

Ao igual que a Historia escríbena os vencedores, a "Herstory" a están a escribir polo visto as feministas liberais anglosaxonas. E un pouco as francesas. Date con un canto nos dentes se te falan de feministas marxistas, as anarquistas non existen, as negras qué te vou a contar, e non digamos latinoamericanas, asiáticas ou africanas. Xa sabedes que todo se orixina con Mary Wollstonecraft e Olympe de Gouges e o exportamos a outros sitios onde non sabían pensar por sí mesmas... menos mal que fumos salválas de sí mesmas! É máis, é grazas a esas feministas que conseguimos entrar no mercado laboral. Non sei entón qué é o que facían as mulleres obreiras e as mulleres negras escravizadas se non era traballar. Mentres unhas pedían dereito ao voto, outras loitaban por igual salario a igual traballo. Moitas nin sequera podían pedir nada e pelexaban dificultosamente por sobrevivir ata que non se aboliu a escravitude. É o conto que nos crimos, que parece que a norma imperante e a súa problemática fose a muller burguesa que vivía encerrada na súa casa, que non nego que ten que ser aburridísimo, pero non me explico cómo é posible que ninguén vexa que as criadas desa señora, amén de moitas outras, tamén son mulleres! ¡E están traballando fóra de casa! De toda a vida, ou polo menos desde que o capitalismo e a acumulación orixinaria forzou á poboación a vender a súa forza de traballo. Sen ánimo de menospreciar a loita dese feminismo, que trouxo moitas cousas útiles e reflexións moi válidas, o que realmente me encabrona é que pareza que é o único, o primixenio e sobre todo o espello onde nos temos que mirar todas. Pois igual poderíamos facer un esforzo por ler de novo a Historia e a Herstoria. Igual podemos incluír como suxeitos mulleres a todas aquelas que non son a muller burguesa, que ao final, somos máis. As criadas, as putas, as que choiaban nas minas, as campesiñas, as cociñeiras, as escravas... as que se prantaban de folga en fábricas e telares, folga de alugueres, as que participaban en revoltas populares... todas elas son mulleres e todas elas merecen ser incluídas na Herstoria. Ou qué cona!, deixar de pensar que o feminismo liberal é a rama central da loita polos dereitos das mulleres. E se non son nin mencionadas ou incluídas, entón deberíamos denominalo Herstoria branca burguesa. Se non nos gusta que nos dilúan no masculino, non fagamos o mesmo dentro do feminismo, que a moitas doenos.